Como entrar na aula virtual do CPI Fonte Díaz. Instrucións para alumnado.

1.-Acceder desde páxina web do CPI Fonte Díaz picando na ligazón Aula Virtual.




2.-Alternativamente, podedes acceder desde a ligazón: [https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/aulavirtual2/](https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/aulavirtual2/)

Ides ver todos os cursos da aula virtual. Se á dereita do título aparece unha icona de persoa, significa que nese curso podedes acceder como convidados sen usuario nin contrasinal. Pola contra, se o curso no permite usuario convidado, teredes que premer en ***Acceso*** para entrar co voso usuario e contrasinal




3.1- O nome de usuario é o voso primeiro nome cos dous apelidos separados por puntos, todo en minúsculas, sen acentos e substituíndo ñ por n.
Por exemplo, se vos chamades ***José Francisco Añón López***, o voso usuario é: ***jose.anon.lopez***

3.2.- O contrasinal para a primeira vez que entrades é: ***changeme***
Ao entrar a primeira vez, obrigatoriamente teredes que cambiar o contrasinal por un que queirades vós: poñeredes changeme como contrasinal actual e dúas veces o novo contrasinal.
É moi importante que lembredes este novo contrasinal pois é o que teredes para volver acceder á aula virtual. Recomendase apuntalo.



| | |
|---|---|
| 4.- unha vez dentro da aula virtual aparecerán, na parte central, os cursos nos que estades matriculados.<br>Podedes facer algúns cambios picando en *Configuración do meu perfil.* |  |
| 5.-Picades en ***Editar o perfil*** |  |
| 6.- IMPORTANTE: Cambiade o enderezo de correo xenérico ([nonresponder@edu.xunta.es](mailto:nonresponder@edu.xunta.es)) polo voso correo electrónico. |  |

7.- Picando en Curso Actual apareceravos, na parte central da pantalla o curso, no que veredes os distintos apartados, ven por temas ou ven por semanas.

En cada apartado teredes instrucións do que debedes mirar, estudar, enviar, etc.

